



Mesa Sectorial

23 febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

DEMANDAS DO STEG E RESPOSTAS DA ADMINISTRACIÓN DECRETO DE ORDENACIÓN XERAL DA FORMACIÓN PROFESIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

COMO PREVIO DEMANDAMOS O SEGUINTE

Camiñar cara a eliminación dos concertos nestas ensinanzas post-obrigatorias e tender rendibilizar a oferta pública. Non concertar ningún ciclo no caso de existir oferta pública na mesma vila.

Consideramos necesario realizar publicidade da oferta formativa nas comarcas. A publicidade ten que ser coordinada e homoxénea, non pode deixarse á vontade dos centros, ás súas posibilidades e recursos. A Consellería debe dar soporte á súa rede.

Necesidade de manter os desdobres. Débense facer, non só por criterios de perigosidade, senón tamén dunha axeitada atención ao alumnado e cónstanos que hai centros que os están a demandar.

Sobre o alumnado: hai que informar e apoiar: recursos para o estudo da FP (bolsas de estudo e residencia); garantir praza gratuíta nos ciclos próximos ao domicilio.

O alumnado ten que poder cursar os ciclos dun xeito gratuito polo que é indispensable que se hai peche de ciclos que implican traslado de alumnado a outras localidades se faciliten becas de transporte, residencia, etc... para ciclos que se oferten nas distintas comarcas xa que doutro xeito acabarán concentrándose nas cidades.

ACHEGAS AO BORRADOR

Non creemos axeitado a publicación deste decreto agora, xa que esta sobre a mesa Estatal a Lei de Economía Sostible que conta no seu capítulo VIII con 16 artigos referentes a Formación Profesional. Nela regúlanse aspectos que neste borrador non se contemplan, tales como:

Art. 84 A ensinanza superior integrada.

Art. 87 Os niveis de Formación Profesional, no que se inclúe o nivel 1 de PCPI.

Art. 88 O acceso a F.P:

- acceso dende PCPI
- cursos de formación específicos, tanto para CM como a CS.

Art. 89 A mobilidade entre a FP de Grao Medio e o Bacharelato.

Así mesmo, esta en tramitación o novo RD polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros de ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Esiximos o cumprimento da lexislación vixente en materia de lingua (decreto 124/2007). Resulta absurdo que na pax.5 no parágrafo 3 se recolla a importancia e a capacidade de adaptación curricular ao noso contexto e que non haxa en todo o Decreto unha mención á lingua da contorna.

Destaca a moi escasa referencia a Galiza, tal que con dúas pinceladas de tipex podería presentarse en calquera outra comunidade.

Polo que solicitamos a paralización deste borrador ata ter a información completa e non ter que realizar correccións nun par de meses

O non conseguir a paralización **demandamos** o seguinte:

Parágrafo segundo: supresión o final do mesmo de "... e de fomento da libre circulación dos traballadores e das traballadoras." Xa que a base da FP é a formación integral das persoas e non unha preparación para a emigración.

Parágrafo terceiro: redactar as dúas ultimas liñas como ", consoante as necesidades e as expectativas persoais de promoción profesional." Consideramos que a formación ten como finalidade fundamental a formación integral das persoas e non debe orientarse a cubrir só as necesidades empresariais.

Parágrafo quinto: na primeira liña indicar "..., dispón que o Goberno do Estado,".

Parágrafo 3: expresamos o noso malestar porque en todo o previo non se contempla o uso do galego segundo o D 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, aínda en vigor.



Mesa Sectorial

23 febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

Art. 3º.1.b: Consideramos que a segunda parte "coñecer a lexislación laboral e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais" ten entidade suficiente para se un punto en sí mesmo; engadíndolle "así como a importancia histórica da loita social por estes dereitos para a construción do sistema democrático".

Art. 3º: engadir un novo punto, que será o 3.2 que diga: " Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, así como a importancia histórica da loita social por estes dereitos para a construción do sistema democrático."

Art. 12.1: engadir "Así como a lexislación laboral básica e a relativa á igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas e os dereitos e deberes que derivan das relacións laborais, para facilitar o acceso o emprego e á reinserción laboral.

Art. 12º.2 facer mención expresa a configuración de FOL en dúas unidades formativas: prevención de riscos laborais e equipos de traballo, dereitos do traballo e da seguridade social, e da procura de emprego.

Art. 12º.3 onde di " A superación do módulo de FOL..." debe dicir " A superación da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, ..." tal como se indica no art. 10.-Organización dos módulos en unidades formativas.

Incluír art. 12º. 4 "O módulo de FOL impartirase en galego".

Art. 13º. Na paxina 12 suprimir a partir de " ..., a lexislación laboral básica....", xa que é unha duplicidade de contidos por estar xa incluído no módulo de FOL. Nos currículos xa non se fai referencia a elo.

Engadir art 13º.1 "O módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora impartirase en galego.

Art. 14º Cambiar título por: Módulo de Síntese e de Proxecto.

Art. 14º.1 Iniciar con: " O módulo de síntese nos títulos de técnico e o módulo de proxecto nos títulos de técnico superior, teñen ", xa que o módulo de síntese esta vixente nos currículos LOE de ciclo medio ata o de agora publicados.

Art 14º.2 debe indicar as horas semanais e/ ou como se compaxinar coa FCT.

Art. 14.3 Facer referencia tamén ao módulo de síntese xa que só se menciona o de proxecto.

Art. 16º.2: Si se incorpora un módulo profesional de lingua estranxeira, debe dedicarse ao dominio básico da terminoloxía específica dese ciclo.

Art.16º.3 Pensamos que debe eliminarse, porque impartir un módulo profesional nunha lingua estranxeira require contar cun vocabulario complexo e específico, que o nivel B2 non garante; polo que consideramos máis apropiado o exposto na emenda anterior.

Art.16º.4 Especificar cales serán as accións que promoverá a Consellería para a mellora das competencias lingüísticas do alumnado en linguas estranxeiras.

Art. 18º: reiterar o noso desacordo co RD 1224/ 2009 e esiximos un bo control para que non se converta nunha coladeira con vistas a incrementar o número de titulados.

Art.22º Especificar que a oferta parcial dos ciclos formativos reservada a persoas adultas se concentre no período lectivo, para evitar que se faga en período de vacacións.

Art.23º.1 Especificar que a autorización para impartir ensinanzas en oferta parcial, semipresencial ou a distancia é para centros públicos; engadindo, ademais, que a designación de centros para as actividades presenciais de titoría e avaliación procure unha cobertura por comarcas.

Art.24º.2 Especificar que colectivos poderán acceder á probas específicas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior e que ditas probas se realicen en centros públicos.

Art.26º Consideramos que na formación específica para determinados colectivos debe facerse referencia expresa ás vítimas de violencia de xénero.

Art. 27º.a) esixir a paralización da autorización dos centros privados para impartir formación profesional.



Mesa Sectorial

23 febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

Art. 27º.c) Modificar a denominación de Centros de referencia nacional pola de centros de referencia estatal.

Art. 28º.e) dirá " Dispor, como mínimo dos espazos e instalacións que se recollen no RD 1004/1991, do 14 de xuño polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitario".Ou no seu defecto pola norma de espazos mínimos en vigor.

Art. 28º.4 Especificar que non se utilizarán de xeito permanente instalacións privadas para a formación profesional do sistema educativo público; esiximos a creación dos espazos públicos necesarios para o desenvolvemento normal e axeitado dos módulos profesionais.

Art.28º.5 Solicitamos unha redución da ratio, aproveitando o momento óptimo que ofrece a publicación deste decreto, a un máximo de 20 persoas (salvo naqueles ciclos con alto índice de perigosidade, onde será de 15). Consideramos que o máximo de 30 persoas por unidade escolar é excesivo para unha formación profesional de calidade Debido a que o artigo 45.4 leva a posibilidade dunha reserva de ata un 50% das prazas para alumnado con discapacidade e para alumnado que accede mediante proba, por no acadar os requisitos académicos esixidos, consideramos imprescindible a existencia de desdobres con carácter xeral, permitindo ao alumnado acceder á súa primeira opción de estudo.

Art. 30º Pensamos que debería eliminarse, porque a Consellería non aclara cómo promoverá a calidade das actividades formativas nin o recoñecemento do "esfuerzo que contribúa á excelencia"; e ademais porque fomenta a competitividade entre centros, como vemos noutras comunidades.

Art. 31º.4 A incorporación de profesorado especialista " non necesariamente titulado", tería algún xeito en familias profesionais que se están implantado e polo tanto non existe xente con titulación, pero non no resto de familias profesionais a non ser que sexa como unha colaboración puntual (loxicamente remunerada), nunha parte específica do módulo e sempre

baixo supervisión e en colaboración có equipo docente.

Art. 34º Eliminar 34.2.d xa que a avaliación docente debe ser un tema a tratar en conxunto para todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais, por estar incluído no 34.4.

Art. 36.4 Solicitamos aclaracións sobre que títulos van requirir, polo seu perfil profesional, determinadas condicións psicofísicas ligadas a situacións de seguridade e saúde; e cales serán esas condicións psicofísicas esixidas.

Art. 38º.3.a) No acceso mediante proba á formación profesional de grao medio, contéplase unha parte sociolingüística que tomará como referencia as competencias básicas de comunicación lingüística e a competencia básica social e cidadá, pero non se concreta en qué lingua han de tese ditas competencias.

Art. 38º.4 eliminar o último punto de exención a quen acredite unha determinada cualificación ou experiencia profesional, para o acceso mediante proba á formación profesional de gao medio, por considerar que este tipo de acreditacións carecen de rigor e control.

Art. 39º.4 eliminar o último punto de exención a quen acredite unha determinada cualificación ou experiencia profesional, para o acceso mediante proba á formación profesional de gao superior, por considerar que este tipo de acreditacións carecen de rigor e control.

Art. 41º.1 debe indicarse que " se ofertarán" e non que "se poderá ofertar" os cursos de preparación da proba de acceso a ciclos formativos en centros públicos, xa que neste momento esta demanda só a cubre a privada, co conseguinte custe.

Art.45º.4 e 45º.5 Na admisión de alumnado a ciclos formativos pedimos que se estableza como criterio de desempate os niveis de renda e a discriminación positiva para a muller en todos os casos.

Art. 48º.1 En canto aos aspectos xerais do proceso de avaliación, pensamos que non só se debe avaliar a práctica docente senón todo o proceso de ensino-aprendizaxe.



Mesa Sectorial

23 febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

Art. 48.2 Atendendo ao anterior, na avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe terase en conta o seguimento ao que se refire o artigo 34º.4 do presente decreto, e valorarase, entre outros, a programación, a organización, a concreción do currículo en relación a súa adecuación as características do contorno productivo e ás necesidades do alumnado, e todos aqueles aspectos que sexan relevantes para a mellora deste proceso, como dotación de recursos materiais e humanos, formación etc.

Art. 59 Entre os fins que terá a información e orientación profesional consideramos importante incluír un punto de orientación e formación a familia.

Art. 60.2 Pedimos que cando se fale de colectivos, na redacción de todo o decreto, se inclúan sempre os mesmos e ter en conta ás vítimas de violencia de xénero.

Disposición adicional segunda.2.b) Consideramos que é obriga da consellería dotar aos centros públicos do equipamento necesario para a impartición dos módulos profesionais, polo que o uso de instalacións en empresas nunca sería para impartir un módulo completo senón de xeito complementario, para ter acceso a equipamentos máis actuais.

Disposición adicional segunda 2.c) Consideramos que as empresas non deben ter acceso ás instalacións dos centros públicos, sin a supervisión do profesorado, polo que pedimos a eliminación deste punto.

Disposición adicional segunda 2.e) Pedimos a súa eliminación porque pensamos que o profesorado nunca debe desprazarse a unha empresa para avaliar aos traballadores e ás traballadoras co fin de que obteñan un título de formación profesional.

STEG